



## **CONDICIÓN PARA A OCUPACIÓN DOS ESPAZOS DA CASA DAS CAMPÁS DE PONTEVEDRA**

### **CONDICIÓN XERAIS**

Os espazos da Casa das Campás cédense sen chaves, debendo a empresa, persoa ou institución que os solicite requirir os servizos de persoal de seguridade.

Os gastos do servizo de vixilancia, persoal de carga e descarga, montaxe e desmontaxe, correrán por conta dos organizadores, sendo da súa exclusiva responsabilidade o cumprimento das obrigas laborais, fiscais ou doutra índole que se deriven de tal relación laboral.

A empresa, persoa ou institución a quen se lle cede a instalación obrígase a observar ou, de ser o caso, a esixir das persoas físicas ou xurídicas coas que subcontrate os servizos de montaxe de toda clase de instalacións, a estricta observancia da lexislación en materia de seguridade e hixiene no traballo, respondendo dos danos e prexuízos que puidesen causarse por accidente no que interveña culpa ou negligencia.

A Casa das Campás dispón de equipamento para congresos, cursos e conferencias, como proxector, pantalla de proxección, ordenador portátil, equipo de DVD, cadea musical, equipo de sonido. De non ser suficiente, a empresa, persoa ou institución encargárase do seu subministro.

No caso de dano dalgún dos bens ou instalacións de calquera dos espazos da Casa das Campás, o solicitante deberá aboar o seu arranxo ou substitución, contra a presentación do presuposto entregado pola Casa das Campás.

Só se permite a colocación de bandeirolas exteriores nas fachadas exteriores da Casa das Campás, quedando as ventás descubertas, e previa consulta ó persoal de mantemento da Casa das Campás.

A empresa, persoa ou institución deberá poñerse en contacto coa Casa das Campás cunha antelación mínima de 48 horas laborais sobre o comezo do evento, a fin de aclarar tódolos puntos que atinxan á organización deste.

A Casa das Campás está ubicada nunha zona peonil, por iso en montaxes que o precisen informárase á Casa das Campás das matrículas dos vehículos a empregar na montaxe para tramitar a autorización pertinente que valerá só para o tempo de montaxe e desmontaxe.



Vicerreitoría  
Campus de Pontevedra

As instancias presentadas nas dependencias da Casa das Campás serán tramitadas por esta, correspondendo ó Vicerreitor do Campus de Pontevedra emitir contestación sobre a procedencia do acto que se pretende celebrar, non considerándose efectiva a reserva ata que a dita contestación se formalice por escrito.

Na publicidade que se faga do evento debe figurar a imaxe corporativa da Universidade de Vigo e da Casa das Campás.

Está prohibido: o emprego de material inflamable nos espazos, fumar dentro dos espazos da Casa das Campás, a introdución de alimentos e bebidas, así como a introdución de animais e de paraugas na Sala de Conferencias e Sala de exposicións.

Os móbiles deberán permanecer apagados dentro das salas da Casa das Campás cando teña lugar o evento.

A Casa das Campás resérvase o dereito a retirar a cesión dos espazos a aquela entidade ou persoa que non cubra todas as condicións, eximindo á Casa das Campás de toda responsabilidade.